



RESOLUCIÓN DA SECRETARÍA XERAL DE CALIDADE E AVALIACIÓN AMBIENTAL POLA QUE SE APROBA O DOCUMENTO DE REFERENCIA PARA A AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE RIANXO.

CLAVE: 2007AAE0128

Na actualidade estase a tramitar o Plan xeral de ordenación municipal (PXOM) do Concello de Rianxo, que se rexe polas Normas Subsidiarias de Planeamento municipal aprobadas definitivamente o 11 de xullo de 1985 e no que non se opón ás normas de aplicación directa da *Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia* (LOUG).

Tal e como estipula o artigo 5.b, da *Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia*, os Plans xerais de ordenación municipal serán en todo caso obxecto da Avaliación ambiental estratéxica (AAE) prevista na *Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente*. A LOUG, coa entrada en vigor da *Lei 2/2010*, que a modifica, integra a avaliación ambiental no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico.

A tal fin, recíbese na Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, con data de 13 de outubro de 2011, o Anteproxecto de planeamento previsto no artigo 84.4 da LOUG, para a AAE do PXOM.

O artigo 84.5 da LOUG, de conformidade co artigo 9 da *Lei 9/2006*, indica que o órgano ambiental comunicará ao órgano promotor mediante un Documento de referencia (DR) a amplitude, nivel de detalle e grao de especificación do Informe de sustentabilidade ambiental (ISA), incluíndo ademais os criterios ambientais estratéxicos, indicadores dos obxectivos ambientais e principios de sustentabilidade aplicables en cada caso. Defínense así mesmo as modalidades de información e consultas e identificaranse as Administracións públicas afectadas e o público interesado.

Á vista dos antecedentes e fundamentos de dereito, esta Secretaría Xeral resolve aprobar o Documento de referencia, que se xunta, para a Avaliación ambiental estratéxica do PXOM do Concello de Rianxo, deixando sen validez o emitido o 5 de xuño de 2007. Faise público mediante a súa inserción na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e comunícase ao Concello para a súa consideración no proceso de planificación. O detalle dos comentarios recibidos figuran no anexo I.

Santiago de Compostela, 5 de decembro de 2011
O Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental

Asdo.: Justo de Benito Basanta



DOCUMENTO DE REFERENCIA para a Avaliación ambiental estratéxica do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Rianxo

1. Metodoloxía do procedemento de Avaliación ambiental estratéxica

Iniciado o procedemento de Avaliación ambiental estratéxica (AAE) coa recepción do Documento de inicio remitido polo promotor ao órgano ambiental, e tras a aprobación do presente **Documento de referencia (DR)**, descríbense a continuación os pasos que conforman o procedemento de AAE do Plan:

1. **Informe de sustentabilidade ambiental (ISA)**. O órgano promotor elaborará o ISA, como parte integrante do Plan, de acordo cos requirimentos establecidos neste DR, tendo en conta as variables e aspectos clave de sustentabilidade sinalados¹.
2. **Información pública e consultas**. O órgano promotor, someterá a versión preliminar do Plan, incluído o ISA, a información pública e realizará as consultas ás Administracións públicas afectadas e ao público interesado (ver apartado 8 deste DR).

O resultado do proceso recollerase no **Informe de participación e consultas**, que elaborará o órgano promotor, no que describirá o procedemento seguido e xustificará como se toman en consideración e se integran no Plan as observacións, alegacións e informes sectoriais recibidos.

Realizadas as consultas, e con carácter previo á aprobación provisoria do Plan, remitirase ao órgano ambiental a seguinte documentación:

- ✓ *Certificación do órgano promotor cunha relación da documentación que presenta para a elaboración da Memoria ambiental.*
- ✓ *Plan, do que forma parte o ISA, integrando as modificacións resultantes da fase de consultas.*
- ✓ *Proposta de Memoria ambiental atendendo ao especificado no artigo 12 da Lei 9/2006.*
- ✓ *Informe de participación e consultas.*

3. **Memoria ambiental (MA)**. O órgano ambiental redactará nun prazo de 2 meses dende a recepción da documentación anteriormente sinalada, a MA, que será remitida ao órgano promotor para a súa consideración. A través dela analizarase e validarase o procedemento de AAE, o ISA e a súa calidade, o resultado das consultas realizadas e como se tomaron en consideración, así como a previsión dos impactos significativos derivados da aplicación do Plan. Asemade, estableceranse as determinacións finais que deban incorporarse á proposta do Plan antes da súa aprobación provisoria.

¹ No caso de instrumentos de planeamento urbanístico, transcorridos tres anos ou máis dende a emisión do DR, o órgano ambiental deberá valorar a vixencia do ISA (artigo 85.4 da LOUG).



4. **Proposta definitiva do Plan**. O órgano promotor, unha vez recibida a MA, deberá elaborar a proposta de Plan para a súa aprobación definitiva, tomando en consideración as determinacións recollidas na MA.
5. **Publicidade**. Tras a aprobación definitiva do Plan, o órgano promotor cumprirá os requirimentos de publicidade establecidos no artigo 14 da Lei 9/2006, poñendo a disposición do órgano ambiental, das Administracións públicas afectadas e do público, a seguinte documentación:
 - a) *O Plan aprobado.*
 - b) *Unha declaración que resuma os seguintes aspectos:*
 - ✓ *O modo en que foron integrados no Plan os aspectos ambientais.*
 - ✓ *Como se tomaron en consideración o ISA, os resultados das consultas, a Memoria ambiental, así como, cando proceda, as discrepancias xurdidas no proceso.*
 - ✓ *As razóns da elección do Plan aprobado, en relación coas alternativas consideradas.*
 - c) *As medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no medio.*
 - d) *Un resumo non técnico sobre a documentación contida nos epígrafes b e c.*
6. **Seguimento**. O órgano promotor realizará un seguimento dos efectos na sustentabilidade da aplicación ou execución do Plan, no que o órgano ambiental participará, atendendo ás consideracións do artigo 15 da Lei 9/2006.



Táboa 1: Pasos a seguir no procedemento de AAE logo da recepción do DR.

Fase	Obxectivos	Accións	Plásmase en	Organismo responsable
1. ISA	Formulación de alternativas, caracterización de efectos ambientais, establecemento de medidas e definición do seguimento	Análise de alternativas en relación aos criterios de sustentabilidade	Versión preliminar do Plan que inclúe o ISA	Órgano promotor
		Avaliación dos efectos ambientais de cada alternativa		
		Medidas previstas para reducir, eliminar ou compensar os efectos ambientais significativos		
		Efectivo cumprimento das medidas e control sobre a evolución dos impactos ambientais		
Aprobación inicial do Plan				Órgano promotor
2. INFORMACION PÚBLICA E CONSULTAS	Fomentar a transparencia e a participación cidadá	Realizar as consultas establecidas no DR	Informe de participación e consultas, Plan e Proposta de Memoria ambiental	Órgano promotor
		Facilitar a participación do público en xeral		
		Considerar os resultados do proceso de participación e consultas		
		Remisión da documentación do Plan ao órgano ambiental		
3. MEMORIA AMBIENTAL	Valorar a integración dos criterios de sustentabilidade na proposta de planeamento	Análise do proceso de AAE, o ISA e a súa calidade	Memoria ambiental	Órgano ambiental (SXCAA)
		Avaliar o resultado das consultas e como se tomaron en consideración		
		Análise dos efectos na sustentabilidade da aplicación do Plan		
4. PROPOSTA DEFINITIVA DO PLAN	Integrar os resultados da AAE	Redactar a proposta do Plan cos condicionantes da Memoria ambiental	Proposta do Plan para aprobación	Órgano promotor
Aprobación provisoria do Plan				Órgano promotor
Aprobación definitiva do Plan				Órgano substantivo(CMATI)
5. PUBLICIDADE	Informar dos resultados do proceso de AAE aos axentes implicados e público en xeral	Publicidade e posta a disposición do Plan aprobado e declaración resumo da integración dos resultados da AAE	Plan definitivo, declaración da integración do resultado do procedemento de AAE, medidas de seguimento e resumo non técnico	Órgano promotor
6. SEGUIMENTO	Identificar efectos adversos non previstos derivados da aplicación do Plan	Avaliación dos efectos do Plan a través de indicadores de seguimento	Informe de seguimento	Órgano promotor



2. Obxectivos e análise da contorna

2.1. Obxectivos do Plan

Como principais obxectivos do Plan xeral que se propón defínense os seguintes:

- Dotar ao Concello dun documento de ordenación integral, adaptado tanto á lexislación vixente como ao novo marco de ordenación territorial, que sexa capaz de responder ás demandas do desenvolvemento urbano derivado da ampliación da base económica e da potenciación dos recursos locais.
- Afondar na mellora da calidade dos servizos públicos, as infraestruturas, as dotacións e os equipamentos e a urbanización do espazo público.
- Consolidar o actual modelo de asentamentos, identificando os núcleos rurais cun criterio de delimitación acorde ás súas necesidades no marco do respecto e valorización dos recursos ambientais e produtivos.
- Consolidar a defensa, recuperación e posta en valor dos recursos ambientais e do patrimonio cultural como base dunha estratexia de actuación municipal, garantindo a protección e rehabilitación das tramas históricas e dos espazos naturais e cuncas paisaxísticas. Prestarase especial atención ao bordo costeiro, establecendo as medidas de protección e acondicionamento necesarias para o uso público do litoral conforme ás directrices de ordenación do Plan de ordenación do litoral (POL).

Ademais destes obxectivos xerais, sinálanse unha serie de obxectivos ambientais:

- Preservar as áreas ambientais con valor ecolóxico dos crecementos residenciais innecesarios ou espontáneos e dos seus impactos asociados, ademais de garantir a integración ambiental e a minimización dos impactos derivados dos crecementos necesarios.
- Propiciar o aproveitamento sostible dos recursos naturais do municipio.
- Ordenar os solos rústicos con criterios de salvagarda dos seus valores ambientais, produtivos, paisaxísticos e culturais, ben sexan estes municipais ou supramunicipais.
- Definir unha normativa específica nos solos rústicos de especial protección que regule as instalacións actuais e as futuras, de cara a garantir a protección destes espazos.
- Acadar unhas condicións axeitadas de integración da Vila e dos núcleos urbanos secundarios na súa contorna, con especial atención á fronte costeira, ás canles dos ríos que os atravesan e á preservación da contorna paisaxística na que se insiren.



2.2. Descrición do Concello e do seu ámbito de influencia

O Concello de Rianxo, dentro da Comarca do Barbanza, está situado ao suroeste da provincia da Coruña. Limita ao norte co Concello de Lousame, ao leste co de Dodro e o río Ulla, ao sur coa ría de Arousa (que separa as provincias da Coruña e Pontevedra) e ao oeste cos de Boiro e Lousame.

Posúe unha superficie de 58,8 km² con 90 entidades censuais de poboación repartidas en seis parroquias. Segundo datos do INE, no ano 2010 contaba con 11.826 habitantes, o que supón unha densidade de poboación de 201,12 hab./km².

Táboa 2. Evolución da poboación (Fonte: INE)

Ano	1981	1986	1991	1996	1999	2001	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010
Habitantes	12.715	13.195	12.744	12.193	12.147	11.780	11.629	11.582	11.528	11.246	11.554	11.578	11.769	11.826

O Concello insírese nunha comarca na que destaca a presenza da Serra do Barbanza, cadea montañosa que conforma o bordo norte da ría de Arousa, pasando polos municipios situados ao oeste de Rianxo. Topograficamente, o Concello presenta un relevo ondulado, con cotas que van dende o nivel do mar ata os 680 metros na zona norte, no límite con Lousame. Esta superficie está bañada por unha rede hidrográfica que ten como curso principal o río Te, que descorre de nordeste a suroeste pola parte central do territorio, conformando unha ampla chaira sobre a que se asentán a maior parte dos núcleos de poboación. O concello atópase no sistema de explotación nº5: Río Ulla e Ría de Arousa (marxe dereita), incluídos na demarcación hidrográfica Galicia-Costa.

En canto á rede de comunicacións, Rianxo conta cunha rede xerarquizada na que as principais vías o atravesan en dirección leste-oeste. Como estrada principal está a autovía AG 11 Padrón-Ribeira que o atravesa pola súa parte central e paralela a esta polo norte atópase a estrada AC-305. Esta rede complétase cunha serie de vías secundarias que permiten os desprazamentos entre o conxunto de núcleos. Ademais, nas proximidades de Rianxo atópase o enlace coa autoestrada AP-9, que facilita as comunicacións co resto da comunidade.

Dada a súa condición de Concello costeiro, conta con tres instalacións portuarias de titularidade autonómica: Taragoña, Rañó e Rianxo. Respecto á rede ferroviaria, na actualidade a estación máis próxima atópase no Concello de Catoira, a 14 km da Vila de Rianxo; no entanto estase a executar a liña de velocidade alta Ferrol-fronteira portuguesa que atravesa o Concello de Rianxo.

Como espazos naturais protexidos, no Concello atópanse o LIC-ZEPVN *Sistema fluvial Ulla-Deza*, na desembocadura do río Ulla, e o espazo de interese natural definido polo Plan hidrolóxico Galicia-Costa (PHGC) *Desembocadura do río Ulla*, que coincide na súa delimitación co espazo natural *A foz do Ulla* recollido polas Normas Subsidiarias de Planeamento Provincial.

Ademais destes espazos naturais protexidos, existen outra serie de elementos naturais identificados noutros catálogos de referencia, como *Ponte Beluso* e *Esteiro do Ulla*, recollidos no Inventario de Humidais de Galicia ou os hábitats prioritarios e non prioritarios que aparecen no Atlas de Hábitats de



España. Asemade, conséntase a presenza da especie ameazada escribano palustre (*E. Schoeniclus lusitanica*) recollida no Catálogo galego de especies ameazadas.

En canto ao patrimonio cultural, na documentación aportada faise referencia á existencia dunha serie de elementos catalogados como Ben de Interese Cultural (BIC): o Pazo de Martelo, a casa familiar de Afonso D. Rodríguez Castelao e os restos do Castelo da Lúa. Completando o inventario de elementos patrimoniais, as Normas Complementarias e Subsidiarias de Planeamento Provincial recollen un conxunto de elementos arqueolóxicos, etnográficos e de arquitectura.

A estrutura económica de Rianxo depende fundamentalmente do sector servizos e a industria, seguido do sector primario e a construción. En relación a isto, no Anteproxecto sinálase que o sector agrícola-gandeiro en Rianxo foi a actividade que máis caeu no período de 1991-2001.

A dotación dos servizos urbanísticos básicos cos que conta o Concello de Rianxo chega a todos os núcleos de poboación e, segundo a documentación aportada, o seu estado e funcionamento é axeitado para cubrir as futuras demandas do PXOM. Para ao abastecemento, conta cunha ETAP que potabiliza a auga da captación do río Te e recibe tamén auga da ETAP de Casal en Padrón; en canto a isto, e a pesares de que a instalación actual garante o servizo, no Plan sinálase a necesidade de establecer as actuacións que permitan garantir unha axeitada cobertura. Para o saneamento, conta cunha EDAR e unha rede de saneamento de tipo unitario que se está a renovar para facela separativa na súa totalidade, actuacións que se continuarán co novo Plan. En relación coa xestión de residuos, o Concello está adherido ao modelo de xestión dos residuos urbanos de SOGAMA.

En relación aos riscos naturais, o Concello está incluído dentro dunha ampla zona do oeste da Comunidade que se atopa clasificada como de alto risco de incendio; neste sentido, no Anteproxecto presentado, identifícanse as zonas que foron afectadas por incendios, cartografados cos montes que foron declarados montes veciñais en man común (MVMC).

En canto aos plans de ordenación do territorio, Rianxo está afectado tanto polas Directrices de ordenación do territorio (DOT), como polo Plan de ordenación do litoral (POL). Neste sentido, as DOT clasifican a Rianxo como *nodo do sistema urbano intermedio*, no grupo das *subcabeceiras*, que exercen funcións complementarias das súas respectivas cabeceiras. Pola súa banda, o POL sinala ao núcleo de Rianxo como *núcleo de identidade litoral*, asentamento tradicional que pola súa localización estratéxica no bordo costeiro e a súa vinculación ao mar lle confire unha singularidade que o fai merecedor dun tratamento específico.



3. Sustentabilidade do modelo proposto

3.1. Alternativas

No Anteproxecto de planeamento presentado faise unha primeira aproximación á análise de alternativas, considerando para elo dúas alternativas ademais da “0”, ou non formulación do PXOM. Como alternativa “1” sinalase unha adaptación lexislativa do planeamento mantendo o modelo de ordenación establecido no vixente, que aposta pola expansión non xerarquizada dos diferentes agregados urbanos e a oferta de solo de novo desenvolvemento en ámbitos costeiros.

Pola súa banda, a alternativa “2” presenta ao Plan xeral como alternativa de innovación e perfeccionamento da actual planificación municipal, onde a partir da combinación dun diagnóstico da situación actual, se formule un modelo de ordenación que aposte por unha estrutura da Vila continua e compacta que subordine, seleccione e lle dea prioridade aos novos desenvolvementos con criterios de acabado e continuidade da estrutura urbana actual, xerarquizando os núcleos urbanos e incidindo na mellora do espazo público.

Con isto, e á vista da documentación que se achega, sinalar que as alternativas propostas teñen que ser técnica e ambientalmente viables e que a análise terá que vir acompañada de documentación gráfica que reflicta o modelo proposto en cada caso. Ademais, cómpre recordar que a ordenación que finalmente se propoña ten que ser o resultado dunha valoración comparativa dos efectos que o desenvolvemento de cada unha das alternativas analizadas ten sobre os criterios de sustentabilidade, de xeito que queden integrados os aspectos clave que se sinalan no apartado 4 deste DR.

3.2. Proposta de planeamento

Para a proposta de planeamento, na documentación aportada faise referencia a necesidade de acadar un modelo urbano continuo e compacto, incorporando as tramas históricas. Para iso o Plan administrará a súa expansión continua cun criterio de calidade urbana e atención á mestura de usos, á capilaridade dos espazos públicos, con especial énfase na incorporación dos recursos ambientais próximos.

Neste sentido, establécense tres liñas forza que son as que van guiar o proxecto urbano no deseño dos novos crecementos: a continuidade no crecemento, a diversidade de usos e tipoloxías edificatorias e o desenvolvemento do espazo público. Con isto, resultan dous ámbitos de crecemento e/ou reordenación da Vila continua:

- O bordo oeste ao sur do Pazo de Rianxiño, articulado entorno o eixo viario que conecta o barrio de Rianxiño o norte co da Fincheira o sur.
- Bordo sur entre a Vila e Tanxil, de remate da fachada litoral sur da Vila cara a ría, dentro da área de mellora ambiental e paisaxística definida polo POL.



Na documentación gráfica delimitábase ademais unha zona na contorna do parque empresarial existente, que se define como zona de actividade pero que non se cita nos posibles crecementos que se propoñen no PXOM.

De xeito xeral e en canto á documentación cartográfica que se aporta cómpre dicir que esta posúe unha escala e grao de detalle que non permite facer valoracións concretas en canto á ordenación proposta. Asemade, sinalar que as categorías empregadas para a delimitación dos diferentes solos, tanto na cartografía coma no documento, deberán corresponderse coas establecidas pola LOUG.

3.3. Incidencia ambiental da proposta

Se ben o plano de ordenación se considera unha proposta inicial de traballo, do que sairá a proposta definitiva que será o resultado dun proceso participativo, é preciso facer algunha reflexión, sen menoscabo do que se sinala no seguinte apartado deste DR, onde se relacionan os criterios de sustentabilidade que deberán rexer o proceso planificador e ser valorados na toma de decisións.

Neste sentido, pódense salientar os seguintes puntos:

- As áreas de crecemento que se definen na contorna da Vila de Rianxo (núcleo de identidade litoral definido no POL), ocupan toda a superficie baleira entre o núcleo urbano e os asentamentos que se atopan na súa contorna, dando lugar a un continuo urbanizado que abrangue o extremo litoral suroeste do Concello. Neste sentido, sinalar que a localización e necesidade de solo urbanizable residencial ten que vir debidamente xustificada no horizonte temporal do plan, atendendo: á demanda real, á dispoñibilidade de recursos, a suficiencia das redes e servizos urbanísticos, procurando a menor afección ao medio, favorecendo a compactación dos núcleos existentes e evitando o mesmo tempo os crecementos ao longo das vías de comunicacións, conforme ás determinacións 3.1.4 e 3.1.5 das DOT.

A proposta de crecemento o sur da Vila de Rianxo entre Fincheira e Tanxil atópase na súa totalidade dentro da área de “mellora ambiental e paisaxística” definida polo POL no seu artigo 12, polo que se terán en conta as determinacións establecidas para estas áreas.

Na mesma liña, cómpre dicir que os desenvolvementos que se propoñan terán que evitar, na medida do posible a creación de continuos urbanizados, ocupando de forma masiva o territorio e unindo asentamentos de poboación.

- En relación cos núcleos rurais, estes delimitáanse de xeito aparentemente moi amplo, sen diferenciar ou concretar o tipo de núcleo rural do que se trata, polo que terán que adecuarse aos tipos básicos definidos no artigo 13 da LOUG.
- A superficie definida como *zona de actividade* na contorna do parque empresarial existente e que se supón asimilado a solo urbanizable de uso industrial, terá que vir xustificada por unha demanda real de solo industrial, procurando o menor consumo de solo e afección ao medio.



- En canto á delimitación que o POL fai dos corredores e dos espazos de interese e que define como elementos lineais configuradores do territorio, hai que salientar que na delimitación dos solos rústicos de protección non se respectou a superficie definida polo POL e que nalgún caso se obviou por completo o corredor, como é o caso do curso que chega á Enseada do Pico, ao sur do Concello. Neste sentido, terán que verificarse estas delimitacións e adecualas ás do POL ou xustificar a súa redución, de xeito que se garanta o cumprimento deste instrumento de rango superior.
- Cómpre sinalar ademais a importancia de fomentar a protección dos solos rústicos, que son os que normalmente se ven reducidos por mor do crecemento urbanístico, quedando como espazos residuais resultado da proposta urbanizadora. En canto a isto, indicar que no apartado 5.4 do Anteproxecto de planeamento arguméntase de xeito contrario, facendo referencia á *Lei 8/2007, do 28 de maio, do Solo*, derogada dende o 27 de xuño de 2008.

3.4. Plans e programas en interacción co PXOM

Analizarase o marco normativo no que se encadra o planeamento e integrarase a normativa de ámbito internacional, nacional, autonómico e local relativa á protección do ambiente.

Deberase xustificar a compatibilidade ambiental do Plan coa planificación concorrente cuxo ámbito de aplicación sexa coincidente. Nesta liña, teranse en consideración as determinacións que lle son de aplicación das DOT e do POL, en aras de facilitar a adaptación do PXOM a estes instrumentos de ordenación. Neste sentido, realizarase unha análise que permita avaliar o grao de compatibilidade entre o Plan e as DOT, segundo a metodoloxía de análise da compatibilidade estratéxica (ACE), tal e como se sinala no apartado 8 do capítulo 6 deste DR.

Por outra banda, resulta de gran importancia promover a sensibilización, concienciación e participación no planeamento da poboación afectada ou interesada. Así, débense aproveitar as plataformas de participación que ofrecen o Grupo de Desenvolvemento Rural (GDR) do programa LEADER Galicia 2007-2013 e o Grupo de Acción Costeira (GAC-zona 5) "Ría de Arousa" do que forma parte o Concello, cun dobre sentido, acercar o planeamento urbanístico á poboación e integrar no planeamento as cuestións comúns coas liñas de acción do Plan.

4. Variables, criterios e nivel de detalle do estudo para a sustentabilidade do Plan

A continuación enuméranse as variables sobre as que o planeamento urbanístico vai producir afeccións ou polas que se ve afectado. Para estas variables defínense os aspectos clave a ter en conta cara unha planificación sustentable, seguindo o establecido nas DOT; así como o nivel de detalle co que se deben analizar as implicacións dos criterios establecidos.



▪ PAISAXE:

No ámbito do municipio deberanse ter en conta as consideracións respecto das unidades de paisaxe que se recollen nas fichas correspondentes do Plan de Ordenación do Litoral (Esteiro de Beluso 06_03_305 , O Burato do río Te 06_03_306, Rianxo 06_03_307, Enseada de Rial 06_03_308, As tres cruces 06_03_309, O Peirán de Quintáns 06_03_310, Esteiro do Ulla 06_03_311).

Ademais, na ficha da unidade de paisaxe Rianxo (06_03_307) se indica a existencia duns asentamentos espontáneos na fachada litoral, situados ao sueste de Rianxo que vai desde Cortes ata Punta Castro, definidos como “ámbitos de recualificación” segundo o artigo 17.6 do POL, para o cal se terán en consideración as determinacións establecidas polo POL.

Aspecto clave: Integridade paisaxística

Criterio: **Fomentar a integridade paisaxística.** Nivel de detalle:

- Realizar un estudo de impacto e integración paisaxística do ámbito dende as dúas dimensións da paisaxe: a paisaxe total ou global (síntese dos procesos) e a paisaxe visual (estética), cuxo contido mínimo se corresponderá co sinalado no artigo 78 do Plan de ordenación do litoral, aprobado definitivamente polo Decreto 20/2011, do 10 de febreiro.
- Preservar, protexer e poñer en valor os compoñentes e elementos de interese que configuran a paisaxe, considerando as zonas de maior fragilidade paisaxística.
- Contribuír á recuperación dos compoñentes ou elementos que favorezan a mellora da calidade paisaxística e promover a restauración daqueles espazos deteriorados.
- Considerar medidas específicas que favorezan a integración paisaxística das actuacións propostas na paisaxe existente.

▪ PATRIMONIO NATURAL:

Tendo en conta que na documentación aportada detectouse que nalgúns casos non se tivo en conta os corredores que se identifican no POL reducindo ou obviando a súa existencia, o Plan terá que verificar as delimitacións definidas adecuándoas ás do POL ou xustificar a súa redución, de xeito que se garanta o cumprimento deste instrumento de rango superior.

Aspecto clave: Conservación do patrimonio natural

Criterio: **Favorecer a integridade funcional dos sistemas naturais.** Nivel de detalle:

- Identificar os espazos incluídos na Rede galega de espazos protexidos, Rede Natura 2000 e Áreas protexidas por instrumentos internacionais presentes no ámbito de estudo, conforme ás categorías incluídas na *Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade* e a *Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza de Galicia*, tendo en conta os seus correspondentes instrumentos de planificación.



- Identificar a existencia doutros espazos e elementos de interese, como os espazos naturais de interese local ou espazos privados de interese natural sinalados na Lei 9/2001, as árbores senlleiras do “Catálogo galego de árbores senlleiras” aprobado polo Decreto 67/2007 e modificado pola Orde do 3 de outubro de 2011 de actualización de dito catálogo, ou os humidais recollidos no “Inventario de humidais de Galicia” (IHG) creado ao abeiro do Decreto 127/2008.
- Identificar os hábitats naturais e as especies animais e vexetais de interese comunitario recollidos na Lei 42/2007, así como as especies de flora e de fauna incluídas no “Catálogo de especies ameazadas de Galicia” contemplado no *Decreto 88/2007, do 19 de abril, polo que se regula o Catálogo galego de especies ameazadas* e no “Catálogo español de especies ameazadas” aprobado polo Real Decreto 139/2011, presentes no ámbito de estudo e valorar as posibles afeccións como consecuencia do desenvolvemento do planeamento.
- Promover a protección e valorización daquelas áreas ou formacións que presenten algún valor físico ou natural de interese.
- Establecer zonas de transición que sirvan de amortecemento ante posibles afeccións sobre os espazos máis vulnerables e contribuír á continuidade física e funcional dos sistemas naturais tanto dentro do ámbito de estudo como fóra del.

Criterio: **Xestionar a funcionalidade propia dos recursos naturais.** Nivel de detalle:

- Potenciar a relación humana coa natureza mediante a restauración e posta en valor dos diferentes elementos naturais, patrimoniais, culturais e identitarios.
- Fomentar a utilización dos recursos naturais de xeito compatible coas súas propias características e as da contorna inmediata na que se insiren.
- Promover a utilización de especies autóctonas, establecendo medidas para evitar a introdución de especies alóctonas ou invasoras.

Criterio: **Integrar o uso e xestión dos espazos naturais costeiros coa dinámica e o desenvolvemento do Concello.** Nivel de detalle:

- Favorecer a protección e conservación dos sistemas naturais que conforman o litoral.
- Recuperar os ecosistemas costeiros naturais degradados.
- Axeitar a intensidade dos usos á capacidade de acollida do sistema litoral.

Aspecto clave: Fragmentación do territorio

Criterio: **Favorecer a conectividade ecolóxica.** Nivel de detalle:

- Realizar unha análise específica en relación á conectividade dos ecosistemas e biótopos no ámbito do influencia do planeamento, integrando os valores produtivos e a compoñente paisaxística.
- Prever os mecanismos necesarios para potenciar a conectividade ecolóxica do territorio, especialmente entre os espazos naturais protexidos, considerando como principais corredores, os cursos fluviais e á



vexetación de ribeira, ás sebes en zonas agrícolas, ás zonas de monte e outros elementos do territorio que actúen de nexos entre os hábitats naturais e favorezan a distribución das poboacións de flora e fauna.

- Contribuír á eliminación de elementos ou infraestruturas que supoñan un efecto barreira sobre os movementos das especies faunísticas.

▪ **PATRIMONIO CULTURAL:**

Aspecto clave: Conservación do patrimonio cultural

Criterio: **Preservar e valorizar os elementos patrimoniais.** Nivel de detalle:

- Identificar os elementos do patrimonio cultural existentes no ámbito de estudo.
- Promover a posta en valor dos enclaves de interese histórico, cultural, identitario, artístico, arquitectónico e arqueolóxico a través da incorporación no planeamento das medidas necesarias.

▪ **OCUPACIÓN DO TERRITORIO:**

Na proposta inicial do PXOM identifícanse unhas amplas reservas de solo urbanizable, tanto na contorna do núcleo de cabeceira como a carón do parque empresarial; delimitacións que posúen unha superficie que terá que vir xustificada en base a unha demanda real de solo de uso industrial e/ou residencial, en cada caso. Neste sentido, haberá que ter en conta o criterio de menor consumo de solo evitando agregar asentamentos formando continuos urbanizados no territorio.

Aspecto clave: Calidade do solo

Criterio: **Minimizar o consumo do solo e racionalizar o seu uso.** Nivel de detalle:

- Adecuar a clasificación do solo a unha estratexia de ocupación do solo densa, compacta e complexa e favorecer unha asignación de usos que permita dar resposta ás necesidades da poboación atendendo á capacidade de acollida do territorio e á aptitude para a asimilación de posibles transformacións ligadas a novos desenvolvementos.
- Axustar o parque potencial de edificacións a teito de planeamento á dinámica socioeconómica do Concello.
- Fomentar a rehabilitación das edificacións existentes.
- Priorizar os desenvolvementos urbanísticos que favorezan a consolidación de espazos baleiros das tramas urbanas e rurais existentes e favorecer a ocupación de espazos antropizados con carácter previo á ocupación doutros solos.
- Axustar a superficie de solo industrial ás necesidades reais do Concello, considerando as previsións de calquera outro tipo de planeamento ou proxecto con repercusións no sector industrial no ámbito de influencia.

Aspecto clave: Vocacionalidade de ámbitos

Criterio: **Promover unha clasificación do solo en función da súa propia capacidade produtiva.**

Nivel de detalle:



- Favorecer o desenvolvemento dun modelo territorial acorde coas súas características, considerando a capacidade de acollida e potencialidade do solo para os distintos usos.
- Definir e delimitar as necesidades ás que se debe dar resposta coa clasificación do solo de modo coherente coa dinámica socioeconómica do Concello.
- Preservar os solos de calidade e aptitude agrícola e aqueles con potencialidade forestal.
- Favorecer a protección dos solos situados nas proximidades dos espazos protexidos, tanto naturais como patrimoniais, arqueolóxicos ou calquera outra protección ou espazo de especial valor.

Aspecto clave: Exposición a riscos naturais e tecnolóxicos

Criterio: **Evitar ou reducir os riscos naturais e tecnolóxicos.** Nivel de detalle:

- Identificar os posibles riscos naturais e tecnolóxicos no ámbito de estudo susceptibles de causar danos ás persoas, aos seus bens e/ou ao ambiente.
- Establecer as medidas de prevención a adoptar polas actuacións urbanísticas segundo as características do medio físico e tipoloxía de risco.

▪ **SOCIEDADE:**

Aspecto clave: Calidade de vida da poboación

Criterio: **Favorecer o equilibrio entre a poboación e os recursos.** Nivel de detalle:

- Realizar unha previsión demográfica en función de aspectos cualitativos e cuantitativos na que se considere o número de habitantes actuais e futuros e realice un achegamento ás súas particularidades.
- Valorar as necesidades asistenciais, sociais, educativas, de ocio e calquera outra necesidade destacable en función das características da poboación actual e futura e considerar as posibilidades no ámbito de influencia.

Criterio: **Mellorar a calidade de vida e a habitabilidade do medio urbano.** Nivel de detalle:

- Contribuír a un deseño dos espazos libres e de interacción coa natureza, coa cultura e coas persoas que sexan accesibles e de calidade.
- Contribuír a unha zonificación e localización de equipamentos que favorezan unha conexión eficiente cos principais destinos, reducindo as distancias e procurando a conexión con modos de transporte alternativos ao vehículo particular.
- Favorecer unha paisaxe urbana de calidade integrando as novas actuacións na contorna na que se asentán.

Criterio: **Mellorar a calidade de vida e a habitabilidade do medio rural.** Nivel de detalle:

- Procurar a configuración de núcleos compactos que faciliten a prestación de servizos básicos, favorecendo o acceso á información, á oferta educativa, asistencial, sociocultural e lúdica.
- Establecer fórmulas para a redución ou eliminación de emprazamentos irregulares.



- Establecer actuacións que procuren a preservación da identidade propia dos núcleos rurais.

Aspecto clave: Cohesión social

Criterio: **Favorecer a cohesión social e garantir a non exclusión.** Nivel de detalle:

- Garantir unha porcentaxe suficiente de vivendas baixo algunha figura de protección e favorecer o acceso á vivenda dos colectivos con máis dificultades.
- Promover o aumento das posibilidades de relación entre os habitantes mediante a creación de espazos de encontro de calidade, ben comunicados e con diferentes tipoloxías en función das características da poboación.
- Favorecer a accesibilidade aos servizos comunitarios, espazos de relación e aos bens patrimoniais ou naturais por parte de todos os colectivos, eliminando as barreiras arquitectónicas.

Aspecto clave: Gobernanza

Criterio: **Fomentar a participación cidadá na toma de decisións no Concello.** Nivel de detalle:

- Favorecer a participación nos procesos de planificación urbanística e toma de decisións que máis afectan á cidadanía.

Criterio: **Favorecer a coordinación entre Administracións.** Nivel de detalle:

- Reforzar a interacción do Concello con outras Administracións ou organismos.
- Favorecer a adopción de acordos para o desenvolvemento socioeconómico do Concello.

▪ **ECONOMÍA:**

Aspecto clave: Equilibrio no desenvolvemento económico

Criterio: **Favorecer o desenvolvemento económico.** Nivel de detalle:

- Analizar a situación actual e as oportunidades económicas do Concello en relación á súa área de influencia e realizar unha previsión das necesidades en función da estrutura económica actual e prevista.
- Garantir unha dotación de equipamentos e infraestruturas axeitada ás necesidades económicas previstas.
- Reforzar as actividades económicas baseadas no aproveitamento dos recursos endóxenos.

Aspecto clave: Competitividade económica

Criterio: **Optimizar a eficiencia das actividades económicas.** Nivel de detalle:

- Procurar unha localización das actividades económicas máis eficiente, minimizando as súas afeccións sobre o medio e os recursos.
- Fomentar a aplicación dos principios da ecoloxía industrial nos desenvolvementos industriais.
- Garantir unha dotación de equipamentos e infraestruturas axeitada ás necesidades industriais previstas.



▪ **MOBILIDADE:**

Aspecto clave: Necesidades de mobilidade

Criterio: **Reducir as necesidades de mobilidade.** Nivel de detalle:

- Realizar unha análise das necesidades actuais de mobilidade así como das derivadas dos novos desenvolvementos propostos.
- Fomentar unha zonificación que favoreza a redución dos desprazamentos.

Aspecto clave: Equilibrio no reparto modal

Criterio: **Facilitar unha conectividade eficiente.** Nivel de detalle:

- Fomentar unha zonificación que aumente a accesibilidade efectiva aos servizos, áreas de interese e principais puntos tractores, dentro ou fóra do Concello.
- Contribuír ao deseño dunha malla de mobilidade eficiente segundo as características do tráfico xerado e na que potencie a utilización doutros modos de transporte alternativos ao vehículo privado.
- Prever a intermodalidade entre os diferentes modos de transporte considerando as infraestruturas necesarias para cada unha delas.
- Mellorar a eficiencia do transporte público.

▪ **ENERXÍA:**

Na proposta de ordenación, deberá terse en conta as infraestruturas de produción e distribución enerxéticas asociadas aos aproveitamentos eólicos existentes, así como as posibles infraestruturas previstas.

Aspecto clave: Consumo enerxético

Criterio: **Promover o aforro no consumo enerxético.** Nivel de detalle:

- Fomentar a implantación de sistemas enerxéticos de baixo consumo e fórmulas de aforro enerxético nas instalacións e dependencias públicas.
- Considerar o aforro enerxético no deseño da malla urbana e no deseño das solucións de edificación propostas, tomando como referencia as máis eficientes (tipoloxía de edificación unifamiliar vs. tipoloxía colectiva) e introducindo criterios bioclimáticos nas edificacións.

Criterio: **Fomentar o uso de recursos enerxéticos renovables.** Nivel de detalle:

- Fomentar a obtención de enerxía mediante recursos renovables.



▪ **ATMOSFERA E CAMBIO CLIMÁTICO:**

Aspecto clave: Calidade do aire

Criterio: **Controlar as emisións contaminantes.** Nivel de detalle:

- Identificar as principais fontes de calquera tipo de contaminación atmosférica: fisicoquímica, acústica, lumínica ou electromagnética.
- Establecer mecanismos de cara á redución das emisións contaminantes (acústicas e lumínicas) minimizando os efectos sobre o medio.

Aspecto clave: Emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI)

Criterio: **Favorecer a redución das emisións dos GEI.** Nivel de detalle:

- Identificar as fontes de emisións de GEI e promover solucións que contribúan a súa redución.

▪ **CICLO HÍDRICO:**

Teranse en conta as observacións achegadas por Augas de Galicia respecto da delimitación de todas as correntes e leitos naturais do municipio, así como dos espazos naturais e zonas sensibles obxecto de especial protección polo plan hidrolóxico, e as posibles zonas con risco de asolagamento, establecendo as determinacións necesarias na normativa do Plan. Neste sentido, nos desenvolvementos que se propoñan deberá reducirse ao mínimo posible a impermeabilización do solo, de cara a minimizar os efectos negativos, mediante a utilización de técnicas de drenaxe urbana sostible. Describiranse as infraestruturas de abastecemento e saneamento existentes e previstas no municipio, así como a súa capacidade e eficacia, sinalando as carencias detectadas neste sentido, así como os principais focos contaminantes do dominio público hidráulico. Ademais, deberá identificarse a previsión de paseos ou praias fluviais, zonas de baño ou deportes náuticos, que poidan producir unha incidencia negativa no medio.

Aspecto clave: Calidade da auga

Criterio: **Garantir o funcionamento do ciclo hídrico en todas as súas fases e procesos.** Nivel de detalle:

- Identificar e caracterizar as masas de auga superficiais e subterráneas, así como as zonas protexidas definidas polo organismo de bacía correspondente.
- Estudar a capacidade e calidade dos recursos hídricos para abastecemento e saneamento.
- Estudar as afeccións existentes sobre as fases do ciclo hídrico derivadas do desenvolvemento do planeamento (modificación da rede superficial, alteración da calidade das augas superficiais e/ou subterráneas, etc).



- Favorecer a permeabilidade das zonas antropizadas de xeito que se favoreza a dinámica propia do ciclo hídrico.
- Xustificar calquera actuación nas zonas de policía nos cursos fluviais afectados polo planeamento do ámbito.

Aspecto clave: Consumo de recursos hídricos

Criterio: **Garantir a viabilidade dos sistemas de abastecemento e saneamento en función das demandas estimadas a teito de planeamento.** Nivel de detalle:

- Estudar a cobertura da rede municipal de abastecemento e saneamento (localización dos sistemas de captación e vertido para o abastecemento e o saneamento) e considerar a dispoñibilidade do recurso segundo as unidades de bacía.
- Calcular a capacidade do sistema de abastecemento previsto tendo en conta a variabilidade estacional da demanda e dos recursos hídricos e considerando tanto o volume de auga bruta como a capacidade das infraestruturas e instalacións da rede.
- Deseñar un sistema de depuración suficientemente dimensionado para as augas residuais acorde ás características das mesmas e á súa orixe (urbano ou industrial).
- Establecer determinacións para reducir os riscos de contaminación das fontes de abastecemento.

Criterio: **Promover o aforro no consumo dos recursos hídricos.** Nivel de detalle:

- Establecer determinacións que contribúan á redución no consumo de auga no Concello.
- Apostar pola eficiencia das infraestruturas e instalacións de abastecemento e saneamento.

▪ **CICLO DE MATERIAIS:**

Aspecto clave: Xeración de residuos

Criterio: **Xestionar eficientemente os fluxos de materiais e residuos.** Nivel de detalle:

- Regular as actividades e procesos construtivos para minimizar o impacto do consumo dos materiais e fomentar a reutilización e a reciclaxe.
- Estimar a xeración de residuos segundo tipoloxía, potenciando a reutilización, a reciclaxe e a valorización dos materiais.
- Garantir o incremento da capacidade de recollida, tratamento e xestión dos residuos urbanos (RU) e de calquera outro tipo para a totalidade do Concello.



5. Indicadores de sustentabilidade

Co obxecto de avaliar a sustentabilidade do Plan e facilitar o seu seguimento, aportarase a proposta cunha serie de indicadores que permitan comparar a realidade “antes” coa situación planificada.

O ISA incorporará un cadro resumo que incluírá os indicadores enunciados a continuación, ou a xustificación técnica precisa para non incluílos no plan de seguimento. Para completar a información sobre os indicadores pódense consultar as seguintes fontes:

- ✓ Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible - Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (Coor.), 2008: Indicadores ambientais de Galicia 2007.²
- ✓ European Environment Agency, 2005: “EEA core set of indicators – Guide”. Technical report No 1/2005. Office for Official Publications of the European Communities.³
- ✓ Instituto Nacional de Estadística, 2009: “Desarrollo sostenible 2008: sistema de indicadores de la Estrategia de Desarrollo Sostenible de la UE”.⁴
- ✓ Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino, 2009: “Perfil Ambiental de España 2009: informe basado en indicadores”.⁵
- ✓ Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino, 2010: Banco público de indicadores ambientais.⁶

PAISAXE

Puntos acondicionados para uso e aproveitamento da paisaxe

Descrición:	Número de puntos con calidade escénica adecuados para uso público
Unidade de medida:	Número de puntos acondicionados
Fonte de datos:	Municipal
Método de cálculo:	-
Actualización:	Anual

PATRIMONIO NATURAL

Espazos e áreas protexidas

Descrición:	Superficie (ha) espazos e áreas recollidos nalgunha das categorías da <i>Lei 9/2001, do 21 de agosto, de conservación da natureza de Galicia</i> e da <i>Lei 42/2007, do 13 de decembro, do Patrimonio Natural e da Biodiversidade</i> así como os recollidos nos instrumentos de ordenación do territorio con incidencia no planeamento municipal.
Unidade de medida:	%
Fonte de datos:	Consellería do Medio Rural
Método de cálculo:	-
Actualización:	Anual

² http://www.siam.medioambiente.xunta.es/siam/index_indicadores.jsp

³ <http://www.eea.europa.eu>

⁴ <http://www.ine.es/prodyser/pubweb/desos/desos.htm>

⁵ http://www.mma.es/portal/secciones/calidad_contaminacion/indicadores_ambientales/perfil_ambiental_2009/

⁶ http://www.mma.es/portal/secciones/calidad_contaminacion/indicadores_ambientales/banco_publico_ia/index.htm



PATRIMONIO NATURAL

Sendas verdes

Descrición:	Acondicionamento de sendeiros para uso público dos espazos naturais
Unidade de medida:	km
Fonte de datos:	Municipal
Método de cálculo:	Lonxitude total de sendas verdes
Actualización:	Anual

PATRIMONIO CULTURAL

Adecuación para uso público dos bens patrimoniais

Descrición:	Existencia de actuacións, instalacións ou infraestruturas para uso público do ben patrimonial. De xeito adicional, instalacións turísticas vinculadas ao ben patrimonial
Unidade de medida:	Unidades
Fonte de datos:	Catálogo de bens patrimoniais do Plan
Método de cálculo:	Número de elementos do patrimonio con funcionalidade recreativa, turística, etc.
Actualización:	Revisión ou vixencia do Plan

OCUPACIÓN DO TERRITORIO

Consumo de solo planificado

Descrición:	Indicador do grao de consumo de solo potencial (a teito de planeamento) por urbanización no Concello
Unidade de medida:	%
Fonte de datos:	PXOM
Método de cálculo:	(Superficie (ha) de núcleo rural+urbano consolidado+urbano non consolidado+urbanizable delimitado+urbanizable non delimitado+sistemas xerais)/Superficie (ha) do Concello
Actualización:	Modificacións puntuais ou revisións do PXOM

Consumo de solo executado

Descrición:	Indicador do grado de consumo de solo real (executado) por urbanización no Concello
Unidade de medida:	%
Fonte de datos:	Municipal
Método de cálculo:	(Superficie (ha) de núcleo rural+urbano consolidado+urbano non consolidado +sistemas xerais)/Superficie (ha) do Concello Nota: considéranse os urbanizables desenvolvidos como urbano a efectos do cálculo, aínda que conserven a categoría de urbanizable ata a revisión do PXOM
Actualización:	Cada vez que se execute un plan de desenvolvemento

Grao de ocupación de solo industrial de nova creación

Descrición:	Informa sobre o grao de ocupación do solo urbanizable de uso industrial recollido no PXOM e desenvolvido polo Plan parcial ou Plan de sectorización correspondente
Unidade de medida:	%
Fonte de datos:	Promotor
Método de cálculo:	(Parcelas ocupadas/Parcelas totais)*100 Nota: O cálculo faise para cada un dos sectores de solo de uso industrial
Actualización:	Anual

Vivendas baleiras

Descrición:	Número de vivendas baleiras
Unidade de medida:	%
Fonte de datos:	Censo de vivendas. INE
Método de cálculo:	Nº vivendas baleiras/Nº total de vivendas
Actualización:	Cada 10 anos



OCUPACIÓN DO TERRITORIO

Edificacións rehabilitadas

Descrición:	Mide a importancia da rehabilitación
Unidade de medida:	Unidades
Fonte de datos:	Nº de licenzas para rehabilitación de vivendas – Concello
Método de cálculo:	-
Actualización:	Anual

Superficie agraria útil (SAU)

Descrición:	Indicador da vocación agrogandeira do Concello en termos de superficie territorial
Unidade de medida:	ha
Fonte de datos:	Consellería do Medio Rural
Método de cálculo:	Sup (ha) de terras labradas e pasteiros
Actualización:	Anual

Abandono de terras agrarias

Descrición:	Indica o grao de abandono de parcelas de SAU. Este indicador está relacionado coa perda de poboación, co incremento de perigo de incendio e coa perda de biodiversidade de especies de flora e fauna vinculadas a hábitats agrarios
Unidade de medida:	%
Fonte de datos:	Consellería do Medio Rural
Método de cálculo:	SAU (ha) de terreos abandonados/SAU (ha)
Actualización:	Anual

Emisións totais ao solo

Descrición:	Volume de emisións ao solo xerado pola actividade económica desenvolvida no Concello
Unidade de medida:	t/ano
Fonte de datos:	Rexistro estatal de emisións e fontes contaminantes
Método de cálculo:	Produción total de emisións ao solo
Actualización:	Anual

Superficie queimada en incendios forestais

Descrición:	Superficie queimada por incendios forestais
Unidade de medida:	ha
Fonte de datos:	Consellería do Medio Rural
Método de cálculo:	-
Actualización:	Anual

Bens afectados por inundacións

Descrición:	Valor económico de bens construídos afectados por inundacións e avenidas torrenciais
Unidade de medida:	€
Fonte de datos:	Consortio de Compensación de Seguros. Axencia Galega de Emerxencias
Método de cálculo:	-
Actualización:	Anual

SOCIEDADE

Evolución da poboación

Descrición:	Avaliación da dinámica da poboación ao longo do tempo
Unidade de medida:	Número total de habitantes
Fonte de datos:	IGE
Método de cálculo:	-
Actualización:	Anual



SOCIEDADE

Taxa total de emprego

Descrición:	A taxa de emprego defínese como a proporción de persoas ocupadas dentro do grupo de poboación con idade comprendida entre os 15 e os 64 anos. A súa evolución positiva asóciase con maiores niveis de cohesión social e calidade de vida
Unidade de medida:	%
Fonte de datos:	IGE
Método de cálculo:	Nº persoas ocupadas/Nº persoas en idade activa
Actualización:	Anual

Crecedemento vexetativo

Descrición:	Permite medir o crecedemento ou a regresión en termos de poboación
Unidade de medida:	Habitantes
Fonte de datos:	IGE
Método de cálculo:	Nacementos-defuncións
Actualización:	Anual

Accesibilidade a servizos públicos (abundancia)

Definición:	Informa sobre o número de dotacións totais (existentes e proxectadas) no planeamento en relación ao número de habitantes
Unidade de medida:	Número de habitantes por tipo de equipamento
Fonte de datos:	Equipamentos definidos polo Plan
Método de cálculo:	Nº de habitantes totais/Nº de instalacións dun determinado tipo de equipamento (sociocultural, sanitario, etc.). Nota: farase o cálculo para cada un dos tipos de equipamentos
Actualización:	Revisión ou modificación do PXOM

Accesibilidade a servizos públicos (distancia)

Definición:	Informa sobre a distancia de desprazamento para acceder aos equipamentos contemplados no Plan
Unidade de medida:	m
Fonte de datos:	Equipamentos definidos polo Plan
Método de cálculo:	Distancia media entre instalacións dun determinado tipo de equipamento (sociocultural, sanitario, etc.). Nota: farase o cálculo para cada un dos tipos de equipamentos
Actualización:	Revisión ou modificación do PXOM

Acceso á sociedade da información

Descrición:	Porcentaxe de vivendas con conexión de banda ancha (ADSL, RDSI, rede de cable)
Unidade de medida:	%
Fonte de datos:	IGE
Método de cálculo:	$(\text{N}^\circ \text{ de vivendas con acceso a banda ancha} / \text{N}^\circ \text{ total de vivendas}) * 100$
Actualización:	Anual

Presión urbana

Descrición:	Este indicador relaciona o número total de habitantes coa extensión superficial do Concello. A presión demográfica está relacionada con outros indicadores como o consumo de solo, de auga, de enerxía ou a produción de lixo
Unidade de medida:	Habitantes/km ²
Fonte de datos:	Padrón de habitantes
Método de cálculo:	Poboación total do Concello/Superficie total
Actualización:	Anual



SOCIEDADE

Superficie de parques públicos e zonas verdes en relación ao número de habitantes

Descrición:	Permite avaliar a dispoñibilidade de espazos de socialización e ocio ao aire libre
Unidade de medida:	m ² /hab.
Fonte de datos:	Municipal
Método de cálculo:	m ² zonas verdes/Nº habitantes censados
Actualización:	Revisión do Plan

Vivenda de protección

Descrición:	Número de vivendas baixo algún réxime de protección
Unidade de medida:	%
Fonte de datos:	Municipal. IGVS
Método de cálculo:	(Número de vivendas baixo algún réxime de protección/Nº total de vivendas)*100
Actualización:	Anual

ECONOMÍA

Déficit público adaptado á Administración local

Descrición:	Déficit público municipal ocasionado polos gastos correntes derivados do planeamento no tocante ao mantemento de infraestruturas (abastecemento, saneamento, etc.)
Unidade de medida:	%
Fonte de datos:	Contabilidade municipal
Método de cálculo:	Manual de cálculo do déficit en contabilidade nacional adaptado ás Corporacións Locais
Actualización:	Anual

Especialización gandeira

Descrición:	Mide a importancia relativa dos diferentes tipos de cabanas gandeiras
Unidade de medida:	Número de cabezas de gando
Fonte de datos:	Anuario de estatística agraria (Consellería do Medio Rural)
Método de cálculo:	Número de cabezas de gando para os seguintes tipos de cabanas: vacún de carne, vacún de leite, aves, porcino, equino e caprino
Actualización:	Anual

Especialización agrícola

Descrición:	Reparto de superficies dos diferentes tipos de terras agrarias en relación á SAU
Unidade de medida:	%
Fonte de datos:	Anuario de estatística agraria (Consellería do Medio Rural)
Método de cálculo:	Superficie relativa en relación á SAU dos seguintes tipos de terras agrarias: prados, pradarías, pasteiros, cultivos herbáceos (cereais, forraxeiros, tubérculos, leguminosas, flores e viveiros) e cultivos leñosos (froiteiras, viñado)
Actualización:	Anual

Especialización forestal

Descrición:	Reparto de volumes de cortas de madeira por especies forestais
Unidade de medida:	m ³
Fonte de datos:	Anuario de estatística agraria (Consellería do Medio Rural)
Método de cálculo:	Volumen de corta de madeira por especie forestal
Actualización:	Anual

Intensificación agrogandeira

Descrición:	A intensificación se mide en termos de carga gandeira
Unidade de medida:	UGM (unidades de gando maior)
Fonte de datos:	Anuario de estatística agraria (Consellería do Medio Rural)
Método de cálculo:	UGM de gando porcino, avícola e vacún de leite baixo sistemas intensivos de produción
Actualización:	Anual



ECONOMÍA

Empresas con sistema de xestión ambiental

Descrición:	Informa da integración da compoñente ambiental nos sistemas de produción existentes. Na actualidade os sistemas máis estendidos de xestión ambiental son a norma ISO 14001 e o sistema comunitario de xestión e auditoría ambiental (EMAS)
Unidade de medida:	%
Fonte de datos:	Rexistro EMAS: CMATI; ISO 14001: Consellería de Economía e Industria (www.observatoriocalidade.org)
Método de cálculo:	Nº de empresas con sistema implantado de xestión ambiental/ nº total de empresas
Actualización:	Anual

Agricultura ecolóxica

Descrición:	Indica o grao de implantación de sistemas de explotación agrícola e gandeira orgánicos
Unidade de medida:	ha
Fonte de datos:	CRAEGA (Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia)
Método de cálculo:	Sumatorio da superficie agrícola ecolóxica
Actualización:	Anual

Empresas con Autorización Ambiental Integrada

Descrición:	Número de empresas con Autorización Ambiental Integrada (IPPC)
Unidade de medida:	Nº empresas
Fonte de datos:	Rexistro IPPC - CMATI
Método de cálculo:	-
Actualización:	Anual

MOBILIDADE

Cobertura do transporte público interurbano

Descrición:	Avalía o acceso ao transporte público da poboación dos Concellos que non forman parte das Rexións urbanas e Áreas urbanas identificadas polas Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia. Defínese como a poboación con servizo de transporte público a menos de 750 m
Unidade de medida:	%
Fonte de datos:	Base de datos de transporte público da D.X. de Mobilidade (CMATI); sistema de asentamentos poboacionais; Nomenclátor de poboación do INE.
Método de cálculo:	Poboación das entidades singulares de poboación dentro da área de influencia das paradas de transporte público
Actualización:	Anual

Distribución modal de mobilidade obrigada

Descrición:	Emprego dos diferentes modos de transporte nos itinerarios de mobilidade obrigada
Unidade de medida:	% sobre o total de desprazamentos
Fonte de datos:	Concesionarias de liñas de transporte público; RENFE. Enquisa de mobilidade das persoas residentes en España (Ministerio de Fomento); datos municipais (N_i/N_t) * 100
Método de cálculo:	N_i : Nº de desprazamentos por modo de transporte N_t : Nº total de desprazamentos obrigados Os modos de transporte a considerar son: coche ou moto, autobús urbano, autobús interurbano, tren, a pé, bicicleta e marítimo
Actualización:	Anual



MOBILIDADE

Relación entre o lugar de residencia e o traballo

Descrición:	Informa do alcance espacial da necesidade de mobilidade obrigada (laboral)
Unidade de medida:	% sobre o total de desprazamentos
Fonte de datos:	Enquisa de mobilidade das persoas residentes en España (Ministerio de Fomento); datos municipais (Ni/Nt)*100
Método de cálculo:	Ni: N ^o de desprazamentos en cada un dos ámbitos territoriais identificados Nt: N ^o total de desprazamentos obrigados Os ámbitos territoriais a considerar son: no mesmo domicilio, no mesmo Concello, nun Concello da mesma provincia, nun Concello doutra provincia, noutra comunidade autónoma e noutro país
Actualización:	Anual

Adaptación do transporte público ás persoas de mobilidade reducida

Descrición:	Indica o grao de accesibilidade dos medios de transporte colectivo a persoas con mobilidade reducida
Unidade de medida:	% da flota adaptada
Fonte de datos:	Municipal
Método de cálculo:	Datos proporcionados pola empresa concesionaria do servizo
Actualización:	Anual

ENERXÍA

Consumo total de enerxía en equipamentos municipais

Descrición:	Consumo anual de enerxía (electricidade, calefacción e auga quente) polos equipamentos municipais por habitante censado no Concello
Unidade de medida:	kWh/habitante
Fonte de datos:	Facturas de electricidade, calefacción e auga quente; Padrón de habitantes
Método de cálculo:	Consumo total de enerxía/Número de habitantes empadroados
Actualización:	Anual

Produción autónoma de enerxía en equipamentos municipais

Descrición:	Número de edificios ou equipamentos con produción autónoma de electricidade, auga quente ou calefacción, mediante sistemas de paneis solares térmicos ou fotovoltaicos, eólica, xeotérmica ou caldeiras de biomasa con subministro local
Unidade de medida:	Número de edificios ou equipamentos
Fonte de datos:	Municipal
Método de cálculo:	-
Actualización:	Anual

Venda de combustibles de automoción

Descrición:	Datos da venda de combustibles de automoción por habitante
Unidade de medida:	t (toneladas)
Fonte de datos:	Asociación Española de Operadores de Produtos Petrolíferos; boletín de hidrocarburos da Corporación de Reservas Estratéxicas de Produtos Petrolíferos (Ministerio de Industria, Turismo y Comercio)
Método de cálculo:	Volume total de combustibles para automoción (descártase o gasóleo agrícola)/N ^o habitantes empadroados
Actualización:	Anual



ENERXÍA

Sistemas de iluminación de baixo consumo

Descrición:	Grao de implantación de sistemas de iluminación de baixo consumo en infraestruturas e equipamentos colectivos existentes ou programados
Unidade de medida:	%
Fonte de datos:	Municipal
Método de cálculo:	Nº sistemas de iluminación de baixo consumo/Nº sistemas de iluminación totais
Actualización:	Anual

ATMOSFERA E CAMBIO CLIMÁTICO

Emisións á atmosfera de orixe industrial

Descrición:	Volume de emisións á atmosfera xeradas polas instalacións de produción industrial emprazadas no Concello. Este indicador abrangue as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI): CO ₂ , CH ₄ , N ₂ O, HFC, SF ₆ , PFC
Unidade de medida:	t/ano
Fonte de datos:	Registro estatal de emisións e fontes contaminantes EPER-PRTR
Método de cálculo:	-
Actualización:	Anual

Exposición da poboación á contaminación acústica

Descrición:	Ofrece información sobre a porcentaxe de poboación afectada polo ruído segundo o índice de ruído Lden nos eixos viarios, ferroviarios e aeroportos
Unidade de medida:	Nº de persoas, vivendas, hospitais e centros educativos
Fonte de datos:	Mapas estratéxicos de ruído estatais (CEDEX), autonómicos (Dirección Xeral de Infraestruturas, CMATI)
Método de cálculo:	Nº de persoas, vivendas, hospitais e centros educativos por intervalos de valores de Lden de 55, 65 e superiores aos 75 dB(A)
Actualización:	Cada cinco anos

Exposición da poboación á contaminación electromagnética

Descrición:	Poboación dentro do radio de afección de fontes de contaminación electromagnética (instalacións de telecomunicacións, liñas eléctricas, subestacións eléctricas, redes WIMAX) emprazadas en solo urbano, urbanizable ou de núcleo rural
Unidade de medida:	Nº habitantes
Fonte de datos:	Municipal
Método de cálculo:	Considérase zona de afección a recomendación do Consello da Unión Europea de limitar a densidade de corrente eléctrica inducida a 2 mA/m ² en sitios onde poida permanecer un tempo prolongado e calcúlanse de forma teórica uns niveis de referencia para o campo electromagnético de 50 Hz: 5 kV/m para o campo eléctrico e 100 µT para o campo electromagnético (Fonte: Red Eléctrica Española)
Actualización:	Revisión do Plan

CICLO HÍDRICO

Abastecemento de auga municipal

Descrición:	Avalía o consumo de auga subministrado pola rede de abastecemento municipal, así como as perdas rexistradas na rede de distribución. Considera o consumo total dos sectores doméstico, comercial e industrial, os equipamentos e servizos municipais e, para o caso de Concellos rurais, o consumo por explotacións agropecuarias
Unidade de medida:	litros/(persoa equivalente*día)
Fonte de datos:	Empresa subministro
Método de cálculo:	Abastecemento diario (consumo doméstico+consumo industrial+consumo comercio+consumo equipamentos e servizos municipais+perdas da rede de distribución+consumo agrogandeiro)/Nº habitantes
Actualización:	Trimestral



CICLO HÍDRICO

Saneamento de augas residuais

Descrición:	Avalía a porcentaxe de poboación conectada a sistemas de saneamento
Unidade de medida:	%
Fonte de datos:	Concello; EIEL
Método de cálculo:	Poboación conectada á rede de saneamento/Poboación total
Actualización:	Anual

Emisións totais á auga por actividade económica

Descrición:	Informa sobre o volume de emisións á auga xeradas pola actividade económica
Unidade de medida:	t/ano
Fonte de datos:	Rexistro estatal de emisións e fontes contaminantes
Método de cálculo:	Produción total de emisións
Actualización:	Anual

Número de puntos de vertido

Descrición:	Número de puntos de vertido a ríos
Unidade de medida:	Unidades
Fonte de datos:	Inventario de vertidos do Organismo de bacía
Método de cálculo:	-
Actualización:	Anual

CICLO DE MATERIAIS

Xeración de residuos urbanos (RU)

Descrición:	Cantidade de residuos urbanos producidos
Unidade de medida:	kg/habitante
Fonte de datos:	Municipal. Empresa concesionaria do servizo
Método de cálculo:	Total anual RU recollidos/Número habitantes
Actualización:	Anual

Xeración de residuos perigosos

Descrición:	Cantidade total de residuos perigosos xerados por instalacións industriais e empresariais emprazadas no Concello
Unidade de medida:	t de residuos perigosos xerados
Fonte de datos:	Sistema de Información de Residuos de Galicia – CMATI
Método de cálculo:	-
Actualización:	Anual

Recollida selectiva de RU

Descrición:	Mide a eficacia da recollida selectiva. Calcula a porcentaxe entre a recollida selectiva neta (inclúe aquelas fraccións contabilizadas na recollida selectiva bruta descontando as cantidades de materiais considerados impropios en cada sistema de recollida) e a recollida selectiva bruta (cálculo incluíndo o total dos residuos recollidos)
Unidade de medida:	%
Fonte de datos:	Empresas recollida selectiva
Método de cálculo:	Residuos xerados-impropios/Residuos xerados
Actualización:	Anual



CICLO DE MATERIAIS

Rutas de recollida de RU

Descrición:	Informa das distancias recorridas polo servizo de recollida de lixo en función do número de habitantes cubertos polo servizo. Da idea do grao de dispersión das entidades de poboación e do consumo enerxético derivado do servizo de recollida de lixo
Unidade de medida:	m/habitante
Fonte de datos:	Empresas recollida selectiva
Método de cálculo:	Lonxitude total das rutas de recollida/Nº total de usuarios cubertos polo servizo
Actualización:	Anual



6. Informe de sustentabilidade ambiental

O ISA, tal e como establece o artigo 8.4 da Lei 9/2006, debe cumprir a condición de ser “accesible e intelixible para o público e as Administracións públicas”. Neste sentido, cómpre subliñar que o ISA non debe ser unha mera xustificación do Plan, senón un instrumento de integración dos criterios de sustentabilidade, e como tal, formará parte do proceso de toma de decisións que implica a elaboración do planeamento.

O contido do ISA, como parte integrante do Plan, deberá estar sustentado en referencias sintéticas e claras á información que aparece máis detallada no Plan. Será o documento que recolla a xustificación da alternativa que se consolide como proposta definitiva do Plan. Para elo, partindo dunha análise previa dos condicionantes, obxectivos e posibles alternativas, identificará e caracterizará os efectos sobre o medio da alternativa escollida, establecendo as medidas preventivas, correctoras e de seguimento.

O documento que se elabore deberá ir asinado polos autores, indicando a súa titulación.

En coherencia co establecido no anexo I da Lei 9/2006, a continuación defínese a estrutura e os aspectos que deberán integrar este documento:

1. Análise e diagnose obxectiva da contorna

Partindo da determinación do ámbito de influencia do planeamento, realizarase unha descrición e análise da situación ambiental actual e da súa evolución previsible en caso de non realizarse o Plan.

Deberanse considerar, como mínimo, os seguintes aspectos:

- a) Análise obxectiva da situación actual. Describíranse os problemas e condicionantes ambientais, económicos e sociais da situación de partida no seu ámbito de influencia. Teranse en conta as consideracións sinaladas no apartado 4 do presente DR en relación coas variables de sustentabilidade e os aspectos clave.

Para a súa elaboración, empregárase información actualizada, procedente de fontes fiables.

- b) Relación dos plans, programas e estratexias vixentes ou en proceso de elaboración ou revisión que poidan afectar ao planeamento, indicando a xerarquía e incidencia das principais medidas destes instrumentos.

2. Definición de obxectivos

Estableceranse os obxectivos xerais e específicos que persegue o Plan, entre os que se incluírán os obxectivos ambientais. Os obxectivos propostos deberán ser coherentes coa propia natureza e alcance do Plan e cos principais obxectivos ambientais asumidos nos diferentes instrumentos normativos de aplicación.



Este apartado completárase cunha xustificación de como foron considerados os aspectos clave na selección destes obxectivos.

3. Análise das alternativas e xustificación da proposta seleccionada

Para acadar os obxectivos do planeamento poden existir múltiples opcións que se poden plasmar en diferentes alternativas. Neste sentido, no ISA deberanse considerar os seguintes aspectos:

- a) Proposta de alternativas. Consideraranse como mínimo dúas alternativas, ademais da “alternativa cero”. Estas deberán ser razoables, técnicas e ambientalmente viables e deberán definirse coa precisión necesaria para permitir a súa valoración, e ao mesmo tempo, deberán ser o suficientemente sintéticas para facer operativo o proceso.

Para a súa definición, terase en conta que, segundo o nivel do proceso de toma de decisións, as alternativas poden responder a cuestións de estratexia (en canto a ordenación global do Concello), de localización (atendendo a posibles emprazamentos para o desenvolvemento de novo solo ou novas dotacións e equipamentos, etc.) e/ou de ordenación (en canto ás características do desenvolvemento, relativas á tipoloxía de construción, forma, superficie, etc.).

- b) Valoración das alternativas propostas. As alternativas propostas serán valoradas en base á integración dos aspectos clave, facendo referencia ademais ás posibles dificultades (deficiencias técnicas ou falta de coñecementos e experiencia) á hora de recompilar a información requirida.
- c) Xustificación da alternativa seleccionada. Explicarase razoadamente a selección da alternativa proposta, de acordo coa avaliación realizada, xustificando a súa conveniencia e adecuación aos obxectivos perseguidos polo Plan.

4. Identificación e caracterización dos efectos sobre o medio

Identifícaranse e analizaranse os posibles efectos ambientais da alternativa finalmente seleccionada sobre os aspectos clave, que deben comprender os efectos secundarios, acumulativos, sinérxicos, a corto, medio e longo prazo, permanentes e temporais, positivos e negativos.

5. Medidas previstas

Descríbanse as medidas necesarias tendo en consideración a natureza dos efectos ambientais da alternativa seleccionada sobre as variables de sustentabilidade e aspectos clave, xa sexa para potencia-los (de ser positivos) ou para previlos, corríxilos ou compensalos (se fosen negativos).

A proposta considerará as medidas a incluír na propia normativa do Plan, sinalando aquelas que deberán aparecer nos plans e proxectos que posteriormente vaian a desenvolverse. Inclúranse as medidas de carácter ambiental reguladas na normativa sectorial vixente e aquelas medidas



necesarias que recollan requisitos e/ou especificacións concretas que garantan a integración dos criterios de sustentabilidade.

6. Plan de seguimento

Establecerase un plan de seguimento que permita coñecer a evolución das variables de sustentabilidade para, por unha parte, controlar os efectos producidos sobre elas, e por outra, verificar o cumprimento dos obxectivos xerais e específicos para cada variable propostos no Plan. Neste sentido, terase en conta a proposta de indicadores recollidos no apartado 5 deste DR.

Estableceranse, na medida do posible, valores de referencia para os indicadores que permitan determinar a necesidade de aplicar as medidas de seguimento e mecanismos previstos para corrixir os efectos negativos producidos, así como identificar con prontitude outros efectos adversos non previstos, ou ben para reconducir o Plan no caso de que non se estivera a producir unha consecución dos seus obxectivos, podendo levar a súa modificación ou revisión.

A proposta do plan de seguimento deberá considerar a participación do órgano ambiental, establecendo os prazos, formas e medios para unha recompilación, tratamento e análise da información que permita identificar coa maior prontitude posible os efectos ambientais adversos sobre o ambiente. Os informes que se elaboren serán remitidos anualmente ao órgano ambiental.

7. Informe sobre a viabilidade económica

Incluirase un informe sobre a viabilidade económica das alternativas propostas e das medidas dirixidas a prever, minimizar ou paliar os efectos negativos e as de fomento dos positivos, considerando, así mesmo, os custes do plan de seguimento.

8. Análise da coherencia

Analizarase a coherencia interna e externa, tal e como se sinala a continuación:

- a) Coherencia interna. Analizarase a coherencia interna do Plan, por unha banda, entre a alternativa seleccionada e os obxectivos establecidos, e por outra, entre estes obxectivos e a diagnose de partida. Esta análise servirá para coñecer en que medida o Plan define os obxectivos e prioridades de carácter ambiental e son coherentes co diagnóstico realizado.
- b) Coherencia externa. Realizarase a análise de coherencia externa para avaliar o grao de compatibilidade entre o Plan e os instrumentos de rango superior, no que as DOT e o POL, constitúen o marco de referencia. Realizarase a través do instrumento da Análise da compatibilidade estratéxica (ACE) proposto nas DOT, que inclúe os seguintes apartados:
 - Consideración dos aspectos clave para a sustentabilidade, xustificando cómo foron considerados os efectos do Plan sobre os aspectos clave.



- Proceso de decisión, analizando a bondade e calidade do proceso de decisión a través do que se diseña o planeamento.
- Relación cos elementos territoriais estratéxicos de Galicia, avaliando a relación do Plan cos elementos estratéxicos identificados na análise obxectiva da contorna realizada nas DOT.

9. Resumo non técnico

Incluirase un resumo, en termos facilmente comprensibles, da información facilitada nos apartados previos. Conterá os obxectivos e criterios de sustentabilidade fixados, o resumo do Plan e a explicación xustificada dos resultados e as conclusións obtidas.

10. Cartografía

Aportaranse todos os planos necesarios para a correcta descrición ambiental do ámbito afectado cunha escala e o grado de detalle que permita avaliar o Plan no seu conxunto. Entre outros planos poderán figurar: o litolóxico, o xeolóxico, o edafolóxico, o hidrolóxico, o topográfico, o de usos do solo, o de infraestruturas, o de cuncas paisaxísticas, o de elementos de interese patrimonial, etc.

De forma obrigatoria incluíranse os seguintes planos:

- Plano de ordenación do planeamento vixente.
- Plano de ordenación do planeamento proposto.
- Plano de ordenación das alternativas estudadas.
- Plano de riscos naturais (obrigatorio segundo o artigo 15 do *Real Decreto Lexislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Solo*).
- Plano de vexetación e hábitats de interese comunitario.
- Plano de elementos e espazos de interese natural.

7. Especificacións técnicas

Toda a documentación, incluída a cartográfica, entregarase en **formato impreso e dixital**, cun grao de detalle tal que posibilite avaliar o cumprimento dos criterios de sustentabilidade establecidos. Respecto da información xeográfica, seguiranse as seguintes especificacións técnicas.

1. Respecto da calidade dos datos xeográficos e do sistema xeodésico de referencia

Os datos xeográficos serán aportados en formatos compatibles con sistemas de información xeográfica (SIX). Se consideran datos de SIX a estes efectos os datos almacenados en formato SIX cunha referenciación xeográfica ligada a un sistema de referencia de coordenadas.

Non se consideran datos SIX aqueles pegados ou almacenados en arquivos sen un sistema de referencia de coordenadas, como son as composicións de mapas (layouts) nalgún dos seguintes formatos: Postscript, JPEG, TIFF, PDF, EPS, WMF, PNG, ou calquera outro formato de imaxe dixital.



O sistema de proxección a empregar será o UTM (Universal Transversal Mercator), adoptándose como sistema de referencia xeodésico o ETRS89 (European Terrestrial Reference System 1989) ou ED50 (European Datum 1950).

2. Ao respecto dos formatos para os conxuntos de datos espaciais

Os conxuntos de datos espaciais poderán ser datos vectoriais, raster, datos tabulares, ou bases de datos espaciais.

Os datos en formato raster entregaranse preferentemente como bandas individuais, empregando o formato de arquivo Geographic Tag Image File Format (GeoTIFF). En canto aos formatos vectoriais admitírase ESRI shapefile (shp), DGN e DWG e para datos tabulares Microsoft Access Database (mdb), DBASE (dbf) e ficheiros delimitados por comas (CSV).

3. Ao respecto dos metadatos

Os datos xeográficos subministrados deberán ir acompañados dos seus respectivos metadatos co fin de aportar información de identificación cara a súa catalogación. Na seguinte táboa especificáanse os metadatos esixidos e un exemplo cumprimentado.

Táboa 3: Ficha de metadatos.

Título	Zonas Protexidas do Plan hidrolóxico de conca Galicia-Costa 2009 - Zona Protexida: Zonas de produción de moluscos bivalvos e gasterópodos (PEAE)
Identificador	PHC10GC_ZPrx_PEA_E_Moluscos
Autor	Servizo de Planificación Hidrolóxica - Augas de Galicia
Data	Xuño 2011
Tema	Planificación hidrolóxica
Descrición	Zonas de produción autorizadas conforme <i>Orde 8 de setembro de 2006 pola que se declaran e clasifican as zonas de produción de moluscos bivalvos e outros invertebrados mariños nas augas de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia.</i> (...)
Propósito	Determinar as Zonas de protección incluídas no Plan hidrolóxico de conca Galicia-Costa e cumprir coas determinación establecidas na planificación hidrolóxica da Directiva 2000/60/CE
Sistema de Referencia de Coordenadas	European Datum 1950. Proxección UTM. Zona 29
Escala	1:25.000
Fonte	Zonas de produción de bivalvos - Consellería do Mar
Idioma	Galego (Gl)
Período de validez	Período de vixencia do Plan hidrolóxico

O cumprimento destas pautas considerárase imprescindible para que a documentación do Plan que se remita á Secretaría Xeral se valore como completa.



8. Definición das modalidades de información e consulta e identificación das Administracións Públicas afectadas e público interesado

O artigo 9.2 da Lei 9/2006 sinala que durante a determinación do alcance do ISA, o órgano ambiental deberá definir as modalidades de información e consulta, así como identificar ás Administracións públicas afectadas e ao público interesado. Así pois, a continuación descríbese o procedemento a seguir na fase de consultas sobre a versión preliminar do Plan.

8.1. Modalidade de información e consulta

A fase de consultas sobre o Plan, incluído o ISA, será realizada por parte do órgano promotor, a través da **posta a disposición do público do Plan** durante un prazo de **2 meses** para o seu exame e formulación de observacións, por parte do público en xeral. Publicitarase mediante anuncio da información pública no Diario oficial de Galicia (DOG) e en dous dos xornais de maior difusión na provincia, de acordo coa lexislación reguladora do procedemento para a aprobación do planeamento.

Simultaneamente á información pública, o órgano promotor deberá **consultar** como mínimo, **ás Administracións públicas afectadas e ao público interesado** recollidos no presente DR, ademais de solicitar os informes sectoriais correspondentes derivados da lexislación sectorial aplicable.

8.2. Amplitude da consulta

8.2.1. Administracións públicas

1. Administración Xeral do Estado:
 - Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino:
 - Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar, no tocante ás actuacións que afecten á protección, conservación e delimitación do dominio público marítimo-terrestre dentro do Concello.
 - Calquera outro Ministerio cando o planeamento afecte a bens ou intereses da súa titularidade ou cando a lexislación sectorial correspondente o esixa.



2. Administración da Comunidade Autónoma de Galicia:

- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas:
 - Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental. Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, en relación á calidade do ISA. Enviarase o Plan completo en formato dixital.
 - Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe, respecto da paisaxe e coherencia coas Directrices de ordenación do territorio e o Plan de ordenación do litoral.
 - Dirección Xeral de Mobilidade, en canto ás iniciativas de transporte sostible existentes de programas e plans de mobilidade en curso.
 - Organismo Autónomo Augas de Galicia, no tocante á protección dos recursos hídricos e á súa dispoñibilidade para os usos previstos polo planeamento, á viabilidade dos sistemas de abastecemento e saneamento en función das demandas estimadas e as zonas identificadas con risco de inundación.
- Consellería de Cultura e Turismo:
 - Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, acerca da conservación e protección do patrimonio cultural.
- Consellería do Medio Rural:
 - Dirección Xeral de Montes, acerca da localización de montes veciñais en man común e de montes públicos; dos instrumentos de xestión de montes existentes; do grao de perigo de incendio e vulnerabilidade da poboación e dos sistemas forestais incluído o risco de erosión.
 - Dirección Xeral de Conservación da Natureza, acerca dos espazos protexidos e os espazos de interese natural e paisaxístico; dos terreos cinexeticamente ordenados.
 - Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, acerca das zonas de especial interese agrario e das zonas en especial risco de abandono; concentración parcelaria.
- Consellería de Economía e Industria:
 - Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas.
 - ✓ Xefatura territorial da Coruña acerca dos dereitos mineiros solicitados ou outorgados.
- Calquera outra Consellería cando a ordenación proposta afecte a bens ou intereses da súa titularidade ou cando a lexislación sectorial correspondente o esixa.



3. Administración Local:

- Deputación provincial da Coruña.
- Concellos limítrofes: Boiro, Dodro e Lousame, ademais de todos aqueles que se atopen na súa área de influencia.

8.2.2. Público interesado

Considérase público interesado afectado pola aprobación do Plan, de acordo co disposto no artigo 10.2 da Lei 9/2006:

1. Toda persoa física ou xurídica na que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 31 da *Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común*.
2. As persoas xurídicas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 10.2 b) da Lei 9/2006, entre outros:
 - Asociación ecoloxista Verdegaia.
 - Asociación ecoloxista Amigos da Terra.
 - Federación Galega de Medioambiente.
 - Cámara de Comercio da Coruña.
 - Fundación Galicia Sustentable.
 - Asociación Forestal de Galicia.

8.3. Informe de participación e consultas

O órgano promotor elaborará un documento único no que se describa o procedemento seguido durante o período de información e consultas. Ese documento conterá un resumo de cada unha das observacións, alegacións e informes recibidos, ademais da xustificación de como se tomaron en consideración e foron integrados no Plan.

O informe, que será remitido ao órgano ambiental, irá acompañado da seguinte documentación compulsada:

- Certificación coas datas do período de información pública, nº do DOG e relación dos diarios seleccionados para a súa difusión (incluídas as datas de publicación).
- Relación das solicitudes de informes sectoriais e das consultas establecidas neste DR (Administracións públicas e público interesado), incluíndo as datas de solicitude destes, obtívesen ou non resposta.
- Copia dos informes recibidos e das alegacións, non sendo en principio necesario, achegar copia das alegacións presentadas por particulares.



ANEXO I

Resultado das consultas e da exposición pública do Anteproxecto de planeamento

O Anteproxecto de planeamento previsto no artigo 84.4 da LOUG, someteuse a consultas a todos os compoñentes do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (ver *Decreto 74/2006, do 30 de marzo, polo que se regula o Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, modificado polo Decreto 387/2009, do 24 de setembro*) e ao mesmo tempo se inseriu na páxina web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para que o público en xeral fixera comentarios acerca das variables ambientais que poden ser afectadas e os criterios de sustentabilidade aplicables a este Plan, que puideran axudar na redacción do presente DR (<http://aae.medioambiente.xunta.es>). Recibiuse resposta de: Augas de Galicia, Dirección Xeral de Montes, Cámara Oficial Mineira de Galicia e Subdirección Xeral de Calidade Ambiental. Asemade recibíronse comentarios de particulares, que non se xuntan neste anexo por non tratarse de comentarios que fagan referencia a cuestións ambientais. Neste sentido, cómpre recordar que as alegacións ao Plan deben presentarse no período de exposición pública unha vez o PXOM conte con aprobación inicial e que neste período de consultas trátase de recompilar comentarios que permitan afondar nos criterios de sustentabilidade para a súa consideración no DR.

A continuación expónse un resumo dos comentarios recibidos que, así mesmo, se remiten ao Concello co presente DR.

Augas de Galicia

O informe de Augas de Galicia identifica a rede fluvial, os leitos máis singulares e os espazos naturais que se poden ver afectados. Ademais, solicita que se xustifique a orixe da auga, o volume de incremento previsto e fai referencia ao mantemento dos obxectivos de calidade da auga e á incidencia da actuación nos réximes de correntes, tendo en conta as determinacións do PHGC.

Dirección Xeral de Montes

No informe emitido achégase a relación dos montes existentes no Concello de Rianxo, indicando si se trata de montes veciñais en man común ou non, de cara a telos en conta nas actuacións que se vaian a levar a cabo co planeamento.

Cámara Oficial Mineira de Galicia

No seu informe incide na importancia de facer mención á *Lei 3/2008, do 23 de maio, de Ordenación da Minería de Galicia*, á *Lei 22/1973, do 21 de xullo, de Minas* e á *Lei 5/1995, do 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia*, no apartado 7.2. **NORMATIVA DE APLICACIÓN.**



Ademais salienta que non consta a solicitude, por parte do Concello de Rianxo, do pertinente informe da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas da Consellería de Economía e Industria da Xunta de Galicia, nin a preceptiva consulta previa ao Rexistro Mineiro correspondente á delegación da Coruña da Consellería de Economía e Industria, tal e como esixe o artigo 14.1 da Lei 3/2008 (*“Participación da consellaría competente en materia de minas en instrumentos de planificación.”*).

Con isto, solicítase que o equipo redactor consulte o Rexistro Mineiro e teña en conta na súa redacción aos dereitos mineiros vixentes dentro do termo municipal; conforme ao disposto no artigo 14.1 da Lei 3/2008. Que se analice e teña en consideración as potencialidades xeolóxico-mineiras do Concello, cara a apertura de novas explotacións, ou ampliación das existentes, que favorezan o seu desenvolvemento económico e social, así como a futura demanda dos produtos mineiros necesarios para cumprimento dos obxectivos do PXOM.

Subdirección Xeral de Calidade Ambiental

Informa sobre a normativa de aplicación na xestión dos residuos, os tipos de residuos, as competencias das entidades locais e o réxime económico na xestión dos mesmos, a recollida dos residuos comerciais e a fase de abandono.